

A vida secreta

FRAN ALONSO

de María Mariño


Avepótamo
edicións

María Mariño

Deseño cuberta: Avepótamo
Fotografías: Fran Alonso / Manuel G. Vicente

1ª edición (impresa) en Edicións Xerais de Galicia: marzo 2007

2ª edición (dixital) en Avepótamo: febreiro 2017

© Fran Alonso 2007, 2017

<http://www.franalonso.gal>

Vostede é libre de **Compartir, copiar e redistribuír** o material en calquera medio ou formato nos seguintes termos:

Atribución: Debe dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios.

Non comercial: Non pode utilizar este material para propósitos comerciais. **Sen derivadas:** Se vostede remestura, transforma ou recrea sobre o material, non pode distribuír o material modificado.



Nota do autor a esta edición

Esta edición de 2017, dez anos despois de que o libro vise a luz, respecta integramente o texto da primeira edición, publicada por Xerais en 2007, pero prescinde da antoloxía final que recollía unha selección de poemas de María Mariño, dado que o *copyright* pertence aos seus herdeiros, así como das ilustracións de Fino Lorenzo que acompañaban a antoloxía. Todo o demais permanece igual, agás pequenos cambios de maqueta que eu mesmo fixen sobre a miña propia maquetación orixinal anterior.

Moitas grazas pola túa lectura, que espero que sexa satisfactoria. Sen dúbida ningunha, a obra literaria de María Mariño merece ser coñecida.

LIMIAR

SOBRE a vida de María Mariño circularon moitas mentiras e moitas inexactitudes. A súa vida mantívose afastada dos círculos literarios e a súa obra foi permanentemente cuestionada. Algunhas veces dí-xose que a súa poesía fora escrita por Uxío Novoneyra; outras chegou mesmo a negar a súa existencia como persoa, afirmando que non se trataba de alguén real senón dun pseudónimo do poeta do Courel.

Sen dúbida, a súa vida como escritora estivo marcada polas dificultades que supoñía, especialmente naquela época, ser muller escritora, pero tamén foi vítima de prexuízos sexistas, que a levaron a ela mesma a falsear a súa data de nacemento a fin de que non se soubese que o seu home, Roberto, era oito anos máis novo ca ela, feito que non estaba socialmente ben visto.

Sexa como sexa, a súa obra ten momentos dunha altura e dunha lucidez dificilmente alcanzables. Era unha persoa case sen estudos e, en cambio, María Mariño foi unha escritora literariamente moi madura, que conseguiu acertos de gran relevancia.

A min, como escritor, atréme a figura de María Mariño. Fascínanme algúns aspectos da súa obra e as

circunstancias da súa vida. E o silencio, tremendo, en que desexou escribir. Seica era unha muller sensible, tímida e temperamental. Se cadra, identifícome co seu carácter. Cando ela publicaba o seu primeiro libro, *Palabra no tempo*, en 1963, eu aínda nacía. O tempo separáanos e, con todo, únenos, porque a consideración do tempo paréceme un dos aspectos máis abraiantes da súa obra. Só me queda dicir que gocei escribindo este libro, que gocei descubrindo, tecéndoo, como ela fixo, que foi costureira. *A vida secreta de María Mariño* cóntovola como sei que foi pero tamén como a imaxino. Por veces emprego documentos reais, que van intercalados no libro como parte da narración e por veces fago ficción coa súa vida e a súa obra. Só quixen facer literatura da literatura para informarvos e entretervos.

Para rematar, gustaríame indicar que este libro é debedor de todos os traballos anteriores realizados sobre María Mariño: da investigación da Asociación Cultural Catavento de Noia, dos artigos de Ana Román e Xerardo Agrafoxo, da edición da *Obra completa* de Victoria Sanjurjo, e, moi especialmente, do estudo literario sistemático de Carmen Blanco, incluída a súa *Vida e obra*; así como do relato oral que me fixeron Manuel Rodríguez, de Seoane do Courel, e algúns veciños de Parada, e da información proporcionada por Maite Martín, sobriña-neta de María Mariño. Tamén é debedor da estreita e frutífera colaboración do editor Henrique Alvarellos e da profesora Helena González, grazas á ultimísima edición na Editorial Alvarellos do libro, até o de agora inédito, *Más allá del tiempo*.

1

O DÍA EN QUE NACEU MARÍA MARIÑO

CREO que son capaz de imaxinar como foi o día en que naceu María Mariño. Digo «imaxinar», porque daquel día nada sei. Foi exactamente hai un século, cando ela veu ao mundo. Hai cen anos, que seguro que vos parecen unha eternidade. ¿Que lle parecerían a ela, que tanto reflexionou sobre o tempo, cen anos? Ben, pois daquela Noia era unha viliña moi pequecha, que se agrupaba en torno a unha estrutura moi antiga. As súas casas, brancas e húmidas, sucedíanse enfiadas ao longo de ruelas estreitas, como empuxándose unhas a outras até chegar a outras rúas transversais.

O día en que María Mariño naceu debía ser soleado e algo caloroso, e presaxiaba o verán que xa chamaba á porta. Era o 8 de xuño de 1907. En canto naceu, a súa nai Filomena debeu mirar para a súa filla con alivio. Cesaran, por fin, as dores do parto e naquel envurullo que acababa de saír do seu útero podía distinguir unha nena repoluda, gordocha, de bo tamaño. Chamaríase María. María Mariño Carou. Era

a segunda nena que chegaba á familia, logo de Concha, que aínda que todos lle chamaban así en realidade se chamaba María Concepción, como case que todas as Conchas. A irmá maior de María Mariño tiña, cando ela naceu, nove anos e seguramente estaría encantada de recibir unha nova irmá. Xa tiña dous irmáns varóns, Emilio, de seis anos, e Cándido, de cinco, e aínda que ela, por encomenda da nai, adoitaba ocuparse moito deles, non lembraba os primeiros meses do seu nacemento. Por iso lle facía tanta ilusión que a súa irmá María viñese ao mundo. Por fin podería ver na súa propia casa o que era un bebé. A quen, desde logo, non lle faría tanta ilusión era ao pai, que posiblemente levase un desgusto porque quería un varón.



Sobre todo, un varón que medrase axiña para poñerse a traballar e traer diñeiro para a casa, que non viña nada mal. A deles non era unha familia pobre, pero tampouco lles sobraba o diñeiro.

Tombada sobre a cama, Filomena seguramente suspirou pensando no seu home, Xosé Mariño Pais, que levaría un disgusto en canto soubese que nacera unha femia. Aínda non o sabía porque daquela os pais non asistían aos partos; considerábase que eran só cousa de mulleres. Ela, no entanto, sentíase contenta. María era, ademais, a primeira filla que nacía na Rúa Cega, onde vivían agora, porque os outros tres (Concha, Emilio e

Cándido) naceran no lugar do Couto, naquela casa. María acababa de nacer na vila e a nai quería que fose bautizada xa ao día seguinte, na fermosa igrexa gótica de San Martiño, á beiriña da casa. Non había tempo que perder. Ademais, ela mesma tiña que recuperarse para volver á normalidade, que había que seguir cosendo para as casas, que nos últimos días de embarazo a cansera e mais a pesadez do seu corpo impediríanlle coser coa destreza e a celeridade con que o facía habitualmente e acumulábaselle o traballo. Ademais, non podían permitirse o luxo de perderen cartos porque non andaban nada sobrados e o oficio do seu home, zapateiro, tampouco daba. E menos co seu carácter malgastador, que o diñeiro por aquí lle entraba e por aquí lle saía.

Si, ao día seguinte sería o bautizo; non cumpría esperar máis, xa que había volver á normalidade. Falaría con Peregrino e con Manuela, para que fosen os padriños, pensaba en tanto o sol entraba pola xanela iluminando a pel rosada da nena acabada de chegar. Ao día seguinte, as campás da Igrexa de San Martiño tocarían por ela. Anos despois, María levaría na memoria o son cotián desas campás:

*Campanas que tocastes
todas do mesmo xeito,
unhas chegádesme á alma
e outras ó pensamento.*

A INFANCIA

DEBEU ser, María Mariño, unha nena tranquila e curiosa e, ademais, corpulenta. Non sei explicar as razóns de por que a imaxino así, pero o caso é que teño esa intuición. Como non existe ningunha foto que me poida confirmar o seu aspecto físico, voume afirmar nesa suposición. De feito, nos primeiros anos de vida imaxínoa no taller de zapatería do pai, silandeira, agachada nunha esquina, entre o calzado, mentres observa atentamente o xeito en que Xosé Mariño manexa os instrumentos de traballo. Claro que o calzado non é moito, pois naquela época moitas persoas camiñaban descalzas. Logo, había xente que calzaba zocos, que estaban feitos cunha base de madeira e unha capa de coiro que rodeaba o pé. Os zocos herdábanse dun irmán a outro porque non todo o mundo podía permitirse o luxo de telos. É de supoñer que Xosé Mariño reparaba bastantes na súa zapatería.

A súa filla imaxínoa tamén perdéndose entre as ruelas estreitas de Noia, cando a nai non a requiría, pois había que botar unha man na casa, por moi nena que fose. Tamén podo imaxinar sen demasiada dificultade o ambiente daquela vila situada no fondo da ría, cos carros de bois atrevesando as rúas, cargados con toxo ou con argazo; e uns mercados populares moi ruidosos, e as vendedoras vociferando polas rúas, a xente



berrando, maiormente mulleres, pois a emigración xa prendera en varias familias e moitos homes marcharan a facer as américas. E o trafegar das peixeiras, leiteiras ou costureiras, entre as que se atopaba a nai de María Mariño, a súa irmá Concha e axiña ela mesma. Vexo as mulleres campesiñas ofrecendo os seus produtos da casa e as peixeiras levando algún peixe, aínda que non eran bos aqueles anos en que a sardiña escaseaba e nas rías se vivían convulsos conflitos obreiros ao pecharen as fábricas de salgaduras. Tamén en Noia se viviron momentos de moita incerteza. Os impostos abusivos e as dificultades para acceder aos alimentos, que custaban moito diñeiro, provocaron no mes de novembro de 1910 graves enfrontamentos entre a poboación e a Garda Civil. Nos incidentes resultou morta unha rapariga de dezaseis anos chamada Consuelo Queiro. María Mariño só tiña daquela tres anos, pero na súa casa aqueles sucesos vivíanse con intensidade. Daquela, ademais, xa nacera a súa irmá Asunción, á que



chamaban Chona, que tiña un ano menos ca ela e que, coma ela, tamén se vería forzada a ser costureira desde a infancia.

De todos os xeitos, María pasaba moito tempo dentro da casa, porque era unha nena que aceptaba sen retrucar o traballo doméstico que tiña que facer alí. Hoxe pode parecervos moi raro que un neno traballe, sexa dentro ou fóra da casa, pero naqueles tem-

pos, cando non había recursos económicos, non lles quedaba máis remedio. Por outra banda, as mulleres non tiñan moitas máis opcións que a de quedar na casa.

Xa na nenez, María Mariño aprendeu da nai a coser, que era algo que a familia precisaba: todas as fillas tiñan que curtirse como tecedeiras e traballaren para a xente de fóra e traeren algo de diñeiro á casa. As idas e voltas do pai a América e o seu incorrizable despilfarro non axudaban nada. Sen dúbida non deberon ser bos tempos, aqueles, pois anos máis tarde escribirá nun poema evocando aqueles días:

*¡Como zoa o vento, cómo zoa chamándome
probe!*

¡Como rinchan as vigas chamándome probe!

*¡Como bailan os cristales nas ventanas inseguras
[chamándome probe!]*

Así que ela, como a nai, como as irmás, cosía para as casas, para paliar a pobreza da familia.

Ora, naqueles tempos da nenez debeu aprender moito da nai, sobre todo debeu aprender moito das cantigas e dos contos que a súa nai lle debeu contar mentres lle ensinaba a coser con disciplina pero con tenrura. A súa nai era a súa casa, a calor central do fogar e ao tempo a que mantiña en pé o seu edificio, fronte a frecuente ausencia do pai, como tamén lembra posteriormente noutros versos:

*¡Ouh morniño da nai, cas suas paredes, subir
[do irmán, silencio do pai!*

Na súa obra, a infancia quedou para sempre como un tempo feliz, co que se identificaría durante o resto da súa vida:

*Inda vou na mesma meniña
aquela que fogueaba sin leito!*

*Son aquela!
Son aquela que no bosco
escuitaba o hinno dela!
Son aquela mañanciña,
entre orvallo das rosas,
entre area de sendeiros,
onde atopaba a campana.*

*Caladiña eu chamaba
en berros que hoxe esquezo,
cando o navío de lonxe
ó meu mar cheo atracaba.*

*Son aquela!
Son aquela tarde queda
que no serán se chamaba
miña aurora sin coores
chea dun farto rebusco
que en un xordo a min chegaba.*

*Son aquela!
Son aquela pena nubra
que de mofo entrenzaba
a lonxe voz do poeta,
cando aínda non sabía
que era pr'ela
o que aquela voz narraba.*



A IRMÁ CONCHA

Aos trece anos, María Mariño xa debía ser toda unha moza. Dádevos conta de que daquela aos trece anos a maior parte dos nenos xa se poñían a traballar. As nenas víanse obrigadas a levar o traballo doméstico axudando a súa nai ou ben suplíndoa. O papel das mulleres foi, ao longo da historia, moi duro e complicado. Con trece anos, María Mariño, polo que se conta, debía ser moi sufrida, e pasaba moitas horas na casa. E, ademais, cosía para fóra, porque lle aprendera súa nai, igual que á súa irmá Asunción, que tiña un ano menos ca ela. Os seus irmáns, Emilio e Cándido, por suposto, tamén traballaban, pero nunca dentro da casa. Un era mecánico e o outro era carpinteiro.

María Mariño debía contemplar con certa envexa á súa irmá maior, Concha. A irmá maior casara o ano anterior, en 1919, cun mariñeiro vasco chamado Juan Barrenechea Villabeitia. A voda fora todo un acontecemento para a familia. Era a primeira filla que casaba e a celebración, en Noia, trouxera moita alegría para a casa.

Uns meses despois da voda, Concha, que estaba embarazada, tivo unha filla, chamada Mercedes. A ne-na era o foco de atención non só de María senón tamén da súa irmá Asunción. Aquela cativiña constituía toda unha alegría para os tempos difíciles que

vivían. Á familia non lle ía demasiado ben economicamente e a situación comezaba a ser preocupante.

Ao seu home, Concha coñecérao no Pazo das Torres Goiáns, en Boiro, pertiño de Noia, onde a tía de María Mariño, Consuelo Carou, traballaba como cociñeira. Juan Barrenechea estaba facendo o servizo militar no pazo, pois o seu propietario era militar e tiña adscrito como soldado, para o que dispuxese.

Agora, un ano despois de casaren, ela e o seu home decidiran que, en vista da pobreza que os rodeaba e da mala racha que estaba a pasar a familia, o mellor sería que emigrasen para Euscadi, á vila de Berango, en Biscaia. Juan era natural de Sopelana, un lugar veciño perto de Bilbao.

Aos seus trece anos, María Mariño, que era unha moza inqueda e curiosa, solitaria e pensativa, con ansias de saber e de coñecer que había máis alá de onde podían alcanzar os seus ollos, miraba para a súa irmá con envexa: iríase mundo adiante, a buscar fortuna noutros lugares máis agraciados que a súa querida pero difícil Noia. E iso era algo polo que ela tamén devecía. De feito, María só puidera ir durante moi pouco tempo á escola e gustáralle tanto e quedáralle tanta ansia de saber e aprender que aquel tempo gardábao canda si coma ouro en pano.

María desexáballe a Concha a mellor das sortes posibles e cando se despediu dela cun abrazo e un bico emocionado, non puido evitar que as bágoas lle aflo-rasen aos ollos. A súa irmá marchaba definitivamente para Berango, onde máis adiante tería máis fillos: Teresa e Juan.

DE MOZA

Ti es María Mariño, *A Fiscala*, a filla do zapateiro. Chámanche *A Fiscala* porque a túa nai cose para a casa do Fiscal. Ti tamén coses para as casas, aínda que ti seica escolles as casas para as que queres traballar. Véseche moito paseando soa polo Malecón, sobre todo á tardiña, coa ollada perdida no mar e na paisaxe.

Disque es unha moza estraña, solitaria, reservada, pouco amiga de acompañáreste dos mozos ou da xente. De feito, nunca vés pasear coas outras mozas da túa idade, nin te mesturas entre nós, que parece que che producimos alerxia. Ora, a xente quérete ben, que ningún fala mal de ti, e seica non che gusta meterte onde non te chaman nin botar a lingua a pacer, como fan outras. Hai quen di que ti tes outras inquedanzas na vida. Que isto non che gusta e que queres saber cousas, que che gustaría ler nos libros e que te fas preguntas moi estrañas. A vida éche dura, filliña, e nós nacemos aquí, neste lugar pobre. Pero seica a ti iso non che vale de consolo. ¿É por iso polo que vas pasear soa, pola Rasa arriba, seguindo o río?

Son aquela!

Son aquela sempre soia

que paseaba a ribeira

*a ver si nela atopaba,
a ver si nela afogaba.*

Es unha muller solitaria, non hai dúbida. E élo porque che prougue. ¿En que pensarás cando perdes eses profundos ollos negros no horizonte que se funde no mar? ¿Onde está a túa cabeza cando camiñas soa pola beira? ¿Que se che perdeu por alí que non vés pasear canda nosoutras polo Cantón, onde deixamos que nos miren os mozos? ¿Sentes, acaso, que o mar chama por ti, que a terra chama por ti? ¿Que levas dentro de ti que non levamos nós, filliña? Algo levas dentro, pois semellas unha muller tranquila, en paz contigo mesma, e seica non adoitan comerte os demos da carraxe ou da envexa coma a nós. Cando camiñas polo Malecón e o vento da ría vén e che levanta o cabelo negro semella coma se foses toda enteira flotando polo aire, coma se formases parte del e levitases e cruzases dun sopro todas as pontes de Noia e, con elas, cruzases o tempo.

*O meu fogar téño en ti:
no teu vivir e nas tres pontes
e das campanas os toques,
toques que eran pra min.*

*Fóra de ti cando as oio,
e sendo o mesmo tocar,
recólloas no pensamento,
xa non pasan máis alá.*

*Ribeiras de mar enxoito!
Ribeiras de pleamar!
Quedas, vellas ribeiras,
agardan un mar i outro mar.*



O TRASLADO PARA ESCARABOTE

O día que souberon que a súa tía Consuelo Carou e mais o seu home, o mordomo do Pazo das Torres Goiáns, herdaran a propiedade do pazo deberon quedar todos de pedra. Os propietarios do pazo, o militar Joaquín Barriere Pérez e a súa dona María Caamaño García, morreron sen descendencia, así que lle deixaron a maior parte da propiedade do pazo ao seu mordomo, Vicente Martínez, e á muller deste, Consuelo Carou, tía de María Mariño, que traballaba alí como cociñeira. Para unha familia que vivía en humildes condicións, aquilo debeu ser un acontecemento pasmoso. Tanto é así que ese acontecemento provocou que, tempo despois, o pai e a nai de María Mariño decidisen vender a casa da Rúa Cega de Noia, onde nacera a súa filla, e trasladárense á parroquia de Escarabote, no Concello de Boiro, lugar onde estaba situado o Pazo de Torres Goiáns, agora rexentado pola irmá de Filomena.

Cando tiña vinte anos, María Mariño recibiu de súa nai (seu pai era o silencio, cando estaba nunca daba explicacións e o máis frecuente era que estivese ausente) a nova de que venderan a casa e se trasladaban a Escarabote, onde podían estar perto da súa tía Consuelo e tamén da curmá Teresa, que lles botaría unha man para que nada lles faltase. Era o ano 1927.

Lonxe de contrariarse, María Mariño aceptou con gusto o traslado. En primeiro lugar, porque desexaba coñecer lugares novos onde a sorte lle fose máis venturosa. E en segundo lugar, porque no pazo da tía, que xa coñecía ben, había unha abraiante biblioteca que a mantiña completamente fascinada. Se cadra, co traslado, podería acudir a ela con certa frecuencia e ler naqueles misteriosos e engaiolantes libros que abeiraba. Ademais, en Noia parecía que as cousas non tiñan saída e, novamente, sentía como o vento zoaba chamándolle pobre.

En Escarabote, o seu pai montou unha zapatería. Aínda que non podía nin querería dicirllo, María Mariño non confiaba demasiado no futuro do negocio paterno. Ademais, tiña a seguridade de que en canto lle dese unha nova arroutada volvería a marchar a América.



Escarabote non estaba lonxe de Noia, tan só a vinte quilómetros, pero as súas paisaxes afloraban a outra ría: a de Arousa. María seguiu gozando dos paseos pola ribeira do mar e do río Coroño, ao que asomaban as terras e as torres do pazo. O equilibrado Pazo de Torres Goiáns fora construído no século XVI por Domingo Antonio de Andrade, o mesmo arquitecto que fixo a Torre do Reloxo da catedral de Santiago. Aos ollos de María Mariño, o edificio debía resultar fermoso e solemne, atractivo, e desde o alto da torre, un lugar polo que seguramente devecía, rodeada dunha balaustrada, percibía a beleza dunhas insuperables vistas sobre a Ría de Arousa.

Na biblioteca do pazo, debeu ler algúns libros. Ora ben, recoñézoo, resúltame moito máis difícil imaxinar a que libros accedeu. Ela adoitaba pechase con frecuencia naquela sala chea de libros tratando de descubrir mundos secretos, inimaxinados, que podía presentir e aos que entraba desde as páxinas daqueles volumes. Con seguridade, a súa tía Consuelo estaba encantada de que acudise con frecuencia á biblioteca do pazo porque, de paso, tñalle conta dos seus fillos, os curmáns de María, cinco pequenos e revoltosos cativos: dúas nenas e tres nenos. E, malia todo, podo intuír que foi naquela biblioteca onde se atopou por primeira vez coa poesía de Rosalía de Castro, quizais inicialmente con *En las orillas del Sar* e logo con *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*. Non en van, Rosalía deixou unha clara pegada na obra literaria de María Mariño, aínda que esta tardase algúns anos en decidirse a escribir:

*Campanas que tocastes
todas do mesmo xeito,
unhas chegádesme a alma
e outras ó pensamento.*

Son versos que lembran o poema «Campanas de Bastabales», de Rosalía. ¿Non vos parece? De feito, o seu mellor amigo, o poeta Uxío Novoneyra, cualificouna como «unha nova Rosalía». E, aínda que todas as comparacións son odiosas, por reduccionistas, a verdade é que entre ambas as dúas existen algunhas semellanzas, aínda que tamén claras diferenzas. Cando menos, úneas esa angustia, case tanxible, de tan material, que atravesa as súas respectivas obras literarias. Tamén estes fermosos versos lembran á autora de *Follas Novas*:

*Días e días tecín na tea do meu tear.
Hoxe a tea toda feita del n'a podo sacar.*

E tamén as une, a dicir de Carmen Blanco (unha das mellores coñecedoras da poesía de María Mariño), «a vivencia total, física, sensual e mental da natureza».

POLA RIBEIRA DO RÍO COROÑO

MARÍA deixábase quentar polo agarimo daquel soliño primaveral. Pracíanlle enormemente os paseos pola ribeira do río Coroño, na outra beira das terras do pazo, co mar á dereita e o río á esquerda. Desde alí podía distinguir as súas torres, agachadas entre a frondosidade das árbores. ¡Que fermosa paisaxe!

*O río canta de vello.
Do vento é o mesmo zoar.
Chove, chove. O sol quenta.
Somos algo do seu berce
ou Il é todo o que hai?*

Segundo dicían os veciños, antigamente no esteiro do río Coroño só podían pescar e mariscar os criados do pazo. E dunha beira á outra había servizo diario de pasaxe nunha dorna.

Outras veces María paseaba polo porto de Escarabote, deixándose ir entre as barcas dos pescadores deitadas sobre as rampas do peirao.

*As gueivotas non paraban, revoloteaban
[mariñeiras.
Picaban as augas do sal
vermello e argazo en rolo.*

*Estaba soia, soia comigo e ca proa
dun barco pesqueiro que nela zoaba
(...)*

E, con todo, parecía que María Mariño se sentía máis abeirada en torno ao río, ao seu esteiro, tan magnificamente fermoso, tan expresivo, tan cheo de vida, con aquela natureza aberta que semellaba metérselle dentro do corpo. ¡Os ríos simbolizan tantas cousas! ¿E as pontes que os cruzan? As pontes simbolizan o tempo. Máis tarde, cando xa vivía no Courel, escribiría:

*Chegan as augas dos mares, chegan,
chegan en quedo afogando as poucas que
quedaron da coor do lume.
Comenzan os ríos a decir pra onde van.
Fontes pinga a pinga, din a anguria xa pasada.*



María paseaba baixo as raiolas mornas do sol e ao tempo reflexionaba sobre o seu futuro. Era xa unha moza, feita e dereita, pero non acababa de ver a luz. Durante algún tempo impartiralles clases aos nenos dunha escola. Non lle desgustaría nada, aquel fermoso traballo de ensinar a aprender. Pero, ¿onde estaba a luz para ela? ¿Ulo o futuro que desexaba? ¿Ulo ese futuro de experiencia, de coñecemento, de progreso? Cada vez tiña máis claro: debía marchar á emigración. E a casa da súa irmá Concha en Berango poñíallo doado. Cando menos, tiña que intentalo.



A EMIGRACIÓN

Berango, País Vasco, 1936

QUERIDA nai:

Xa estou, como supón, na casa da súa filla Concha. Estou ben e espero que vostede tamén o estea ao recibir a miña carta. Se eu albergaba algún temor, non lle caiba dúbida de que me desapareceu co primeiro abrazo con que me envolveu a miña irmá Concha, que tan calorosamente me recibe nesta pequena vila do País Vasco.

A verdade é que me sorprende tanta riqueza como se ve neste lugar. Aquí ao lado, en Neguri, están os de chalés de xente de Bilbao con moi boa posición. Son xente rica e pódense ver casas de moitísimo luxo.

Para chegar aquí desde Portugalete tiven que pasar por unha ponte colgante de ferro que é abraiante e que transporta ás persoas nunha plataforma. Debería vostede vela: seguro que quedaba impresionada. Din que non hai outra coma esta no mundo enteiro. Atravesa as dúas beiras do río Nervión.

Este é un lugar moi próspero e prodúceme moi boa impresión. Non me estraña que a súa filla Concha estea contenta residindo neste sitio, pois todo isto dista moito da pobreza que se vive en Galicia.

En fin, non se preocupe por min pois quedo en boas mans. Xa lle irei dando novas da miña vida aquí.
Un abrazo da súa filla Maruxa.

María Mariño

A GUERRA CIVIL

HOXE preciso escribir algunhas palabras neste diario secreto que ás veces fago ás agachadas. Preciso escribir para non volverme tola. Para liberar toda a dor que levo dentro. Isto é un inferno. Toda España é un inferno desde que Franco deu o golpe militar no verán do ano pasado. O único que trouxo foi a guerra. E preciso escribir sobre este inferno. Escribir libérame. Realízame. As circunstancias foron ennobelándose até o impensable. ¿Quen podía predicir algo así cando marchei de Boiro? Finalmente, caeu o cinto de ferro de Bilbao. Os republicanos non resistiron fronte ao asedio das tropas franquistas porque disque foron traizoados. ¿Resistir? ¿Hai alguén que sexa quen de soportar tanta dor como teño visto nos putrefectos e malditos catro meses durante os que durou o cerco de Bilbao? ¿Hai alguén que no seu corazón poida defender esta guerra? Aínda levo marcado no rostro o sufrimento pola noticia da morte en combate do meu irmán Cándido o pasado ano. Aínda teño gravada na mente a imaxe dos labregos vascos fuxindo cos seus porcos nos brazos a través dos paseos das opulentas mansións de Neguri. E as malditas imaxes dos nenos embarcando para a Unión Soviética. Non podo sacalo da cabeza. Nin son quen de tirar dos meus oídos os bombardeos da aviación alemá ou italiana ao servizo de Franco,

nin de tirar do meu peito a carraxe e a sublevación que me producía ver as persoas maiores e os nenos nos refuxios, e a contrariedade que me producía ter que abandonar as miñas costuras, o meu traballo, para correr a buscar abeiro nos sotos das casas co fin de evitar as bombas. Non comprendo a inxustiza, non comprendo o odio nin o enfrontamento entre veciños. Precisamente por iso, na fronte dividida, axudei a que se agochasen os mozos que quixeron fuxir do exército republicano ou os perseguidos por seren sospeitosos de apoiar a Franco. Tanto me teñen as súas ideas. Para min, todas son persoas. E as veces que me tiven que enfrontar a alguén e llo dicir ben claro, fíxeno sen contemplacións. E, con todo, vivín tanta morte, tanta dor, tanta desesperación que non sei se serei capaz de permanecer aquí moito máis tempo. ¿Onde foi toda a prosperidade que distinguía este lugar? ¿Onde? Todo se derrubou, mesmo o traveseiro horizontal da Ponte Colgante de Portugalete. Derrubárona, para evitar o avance dos franquistas, dos nacionais. ¿E para que? Para nada, ao final, o 19 de xuño as tropas sublevadas entraron vitoriosas en Bilbao, logo de que o Goberno Vasco ordenase a evacuación. Maldita guerra. Maldito ano, este 1937. En abril a aviación alemá destrozou brutalmente Guernika. ¿A cantas persoas asasinaron? ¿Que vai quedar aquí en pé logo de tanto horror? Non podo esquecer os ollos de espanto das nais que vían morrer os seus fillos durante os bombardeos. Non podo soportar a dor de ver como morría unha rapariga á que eu tranquilizara o día anterior nos refuxios antiaéreos. Non é o medo o que me paraliza. Creo que,

a pesar de todo, a guerra non logrou atemorizarme. Se cadra é porque xa teño trinta anos. Pero sinto a carraxe, a dor, que se me subleva no peito, como unha inxustiza prendida na raíz das herbas. E sinto esta maldita experiencia como un tormento que non sei se serei capaz de esquecer algún día. Creo que todo isto me cambiou. Son outra. E sinto que teño que contar todo o vivido, que teño que escribilo. Pois fareino, prometo que un día o farei.

*O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.*



O REGRESO A ESCARABOTE

CANDO por fin se puido viaxar entre o País Vasco e Galicia, xa no ano 1938, María Mariño regresou a Escarabote. Foi xusto no momento en que a súa irmá Concha, coa familia, abandonaba Berango e se trasladaba para Algorta, que estaba perto. Naquela vila asistiran a unha experiencia moi dura, coa fronte dividida, e era mellor poñer distancia. As vivencias de María durante o chamado Cerco de Ferro producíranlle unha forte impresión, o que, unido á falta de perspectivas laborais que lle brindaba a nova e caótica situación, provocou que se decidise a regresar a Escarabote.

Deberon ser anos tristes, aqueles de Escarabote, porque a contenda provocada polo golpe militar franquista en Galicia traducíase, sobre todo, en represión, nunha feroz represión durante a que numerosos intelectuais ou políticos galeguistas ou socialistas foron asasinados. Evidentemente, os da guerra e os da posguerra foron tempos de fame, de moita escaseza e de medo. Ese foi o ambiente que atopou María Mariño ao seu retorno a Galicia. A represión era moi forte e a xente tiña medo. A pobreza era moi grande.

*Despertoume hoxe un barullo que parecía de onte.
Erguinme axiña pra velo.*

*O Sol debeo coller medo,
alumaba como a noite.*

En Escarabote, ademais de recuperar os seus paseos pola ribeira do río Coroño e as visitas á biblioteca do pazo da tía, María axudaba a súa nai no fogar. Se cadra, na biblioteca do pazo buscaba agora a explicación a tanto arrepío como acababa de vivir. Naquela época xa pasaba dos trinta anos e as súas reflexións e a súa vida interior eran cada vez máis maduras. Gustáballe ocuparse en pensar e atopaba pracer na reflexión:

*Tempo e tempo e o mesmo Tempo.
O que pasou non se foi. Nil estamos. En el hai.*

Foi por entón, cando a noite arrecendía a herbas e a rosas na velada, cando a súa vida se cruzou no camiño coa de Roberto Pose Carballido, un mestre compostelán destinado en Escarabote. En Roberto debeu atopar María Mariño a conversa, a cultura, a luz e o amor e el debeu atopar nela a madurez, o saber, a experiencia, a inqueda, o coñecemento, a vida e a paixón. Xa que logo, María e Roberto namoráronse mutuamente.



ESCARABOTE

A IDADE

TEÑO case trinta e dous anos e Roberto vinte e catro, e disque iso é un impedimento para o noso amor. ¿Impedimento? ¿Que impedimento pode haber no amor cando é verdadeiro? Miña nai teima, unha e outra vez, na vergoña que vai ser que lle leve oito anos ao meu home. ¡Vergoña! E se cadra ten razón, se cadra é unha vergoña e caeu sobre min a mala fada de topar cun rapaz demasiado novo. Pero eu quero. Roberto é un home, feito e dereito, un home culto e sensible, que o pasou mal na fronte, igual ca min. Nada vai impedir que casemos. Nada. Eu son quen de imaxinar o resto da miña vida á súa beira. Podo e quero. E a idade, esta idade miña que me outorga luz, experiencia e confianza, esta idade non ha ser impedimento. E se teño que sacarme anos sácoos, que ese non será o problema. Ninguén vai poder dicir que a nosa voda é unha vergoña. Xa o teño decidido, no Rexistro Civil direi que teño vinte e seis anos, só dous menos que Roberto. Cando menos, a diferenza non parecerá tanta e a xente non poderá criticarme.

A VODA

DESDE o adro da igrexa parroquial de San Vicente de Lampón, as vistas son espléndidas. A María Mariño pérdese a ollada na paisaxe. Séntese tranquila porque ten a certeza de que o seu futuro vai ligado ao futuro de Roberto. As testemuñas da voda, o seu curmán Alfonso Marínez Carou, fillo da tía Consuelo, e Manuel Pose, o irmán de Roberto, son os primeiros en darlles os seus parabéns. Logo, senten sobre as súas cabezas a chuvia de arroz. A verdade é que era fermoso, aquel 31 de maio de 1939. É unha voda con pouquiña xente, bastante íntima, que non están os tempos para grandes fastos. Só hai dous meses que rematou a Guerra Civil, a pavorosa contenda fraticida. Pero a María, a vista pérdese na espléndida paisaxe, que se reflicte nos ollos de Roberto e lle esboza un sorriso. A Ría de Muros está fermosa, co mar cobalto, a sombra do Cabo de Cruz ao fondo, a praia do Xardón e o esteiro do río Coroño. Un día fermoso.



UN DESTINO AFASTADO

Os anos transcorreron con certa pracidade. Desde logo non lles sobrava o diñeiro, pero a súa vida humilde, que transcorreu maiormente en Escarabote, foi estable. A posguerra era unha pésima época para o ensino e para os mestres. Todos os anhelos de pedagogías renovadoras que fervían a cachón durante a República foron cortados de raíz co alzamento militar. Naquela época, de feito, cobrou razón a triste frase española de «pasar máis fame ca un mestre de escola». Por outra banda, Roberto quedara case xordo por culpa da guerra e ás veces tiña problemas para escoitar os rapaces na aula.

María e Roberto, de cando en vez, ían pasear a Noia ou acudían a Santiago, a visitar a familia del e, de paso, facían certa vida social na cidade. A María gustáballe camiñar entre as pedras frescas das rúas compostelás, que atesouraban consigo tantos rumores, tantos suspiros e tantos segredos.

Despois viñeron dous anos nunha escola do concello de Arzúa, que lles permitiron seguir paseando por Compostela.

En 1945, cando en Europa remataba a Segunda Guerra Mundial, chegou definitivamente a nova do traslado: o próximo destino de Roberto era Elantxobe, en Biscaia, País Vasco. Terían que facer as maletas.

A VERTIXE DOS ACANTILADOS

Os acantilados de Elantxobe eran fermosos, coa súa abrupta figura, co seu pronunciado desexo deitándose sobre o mar. A María non lle desgustaba aquel lugar, entre outras razóns porque podía visitar con frecuencia a familia da súa irmá Concha en Algorta e transitar por aquelas paraxes que coñecera nun momento terrible. A felicidade, o ánimo e a boa disposición trouxéraos a ese novo destino de Roberto, esa diminuta vila mariñeira con sabor a peixe, a conservas e a escabeche. Non quedaban dúbidas de que a vida dun mestre tiña que ser itinerante. Dodro, Elantxobe... A María non lle desgustaba, aínda que lle apetecería recalar nunha cidade e gozar da súa luz, da súa civilización. Pero antes de que o curso escolar rematase en Elantxobe xa coñecían a nova: regresaban a Galicia. Roberto iría traballar a Lou-same, pertiño de Noia. Outra volta na casa. Pero desde tempo antes tiñan unha noticia moito mellor, que encheu a María de alegría: estaba embarazada. Ela nunca sentira unha especial vocación



por ser nai. Mesmo lle producía certo temor responsabilizarse dun fillo. Sentía coma se a vertixe dos acantilados de Elantxobe a fixese dubidar do seu futuro. E, con todo, a ilusión do fillo que esperaba metéraselle dentro. Así que marchaban. A nena ou neno nacería nas terras da nai.



María Mariño co
seu fillo, Roberto
Xosé, no colo.

O FILLO

O que nos trouxo a Lousame, nai, foi a desgraza. Tróuxonos o delirio, a escuridade terrible do estaño e do volframio, nai, vostede sábeo ben. Viñemos aquí desde o País Vasco a traer a semente, a ilusión e a vida, e aquí, nai, esperábanos a morte, a morte terrible que levou canda ela o meu fillo cando apenas pasaran dous meses do día do parto.

¿Hai algo máis terrible, máis desgarrador, máis penetrante que a morte dun fillo? ¿Como hei xustificar agora as penalidades de nove meses dun difícil e complexo embarazo? ¿Como? Dimo ti, Roberto Xosé, que te fuches sen despedíreste e case sen falar de ti mesmo cando xa eras nós, cando xa estabas en nós e formabas parte de nós. Dimo ti, Roberto Xosé, fillo, que me deixas para non volver e a miña alma non é quen de soportar tanto azoute. ¿Por que, fillo? ¿Por que te fuches? Dígamo vostede, nai, dígamo vostede que me estreitou cos seus brazos aquel día que nacín separándome do seu corpo, en Noia. Dígame se hai pena máis grande, se hai aflición máis terrible que a de que a unha nai lle arrebatan un fillo, se hai pena máis dura que ver como a morte chega onda o sangue do teu sangue e o leva canda ela. Dígamo nai, dígamo, por deus, que as miñas entrañas non atenden a razóns da lóxica nin poden soportar dentro tanta amargura. Nai, por deus

llo pido, déame unha explicación que non me dá o ceo, dígame, aínda que sexa con reproches, cal é o desafío que lle fixen eu á vida para que me veña volteada; nai, dígame, por piedade, que xa non son digna do seu amor, que o meu ventre quedou atascado polo óxido; que agora son ferruxe, nai, ferruxe.

*Son ser das túas penas,
de ledicias e amores,
son cadea enfurruxada,
vertida das túas veas.*

Maldito sexa Lousame, nai, maldita sexa a profundidade abisal destas minas de negrura, maldito este setembro que se tinxe de loito, maldita sexa eu, María Mariño Carou, e maldito o día en que enxendrei este fillo de auga que morreu aos dous meses de nacer. Malditos, nai.

A CHEGADA AO COUREL

O Courel é unha serra da montaña luguesa onde a natureza e a paisaxe son omnipresentes e a terra arrecende a humidade con engurradas texturas de lousa e de castañas; unha serra grandilocuente, que mantén un silencioso diálogo a voces con quen a habita. Alí, a esa serra alta e venteada, de fortes nevaradas, foron dar as penas de María Mariño e de Roberto logo da perda do seu fillo, aínda un bebé, en Lousame, onde tivera lugar o parto.

O novo destino de Robeto enviounos esta vez á incomunicada montaña luguesa, a unha Galicia distinta e distante do seu berce na ría de Noia e Muros. Non obstante, as dores invisibles do matrimonio pola morte de Roberto Xosé non quedaron en Lousame: trasla-



dáronse con eles a Romeor do Courel, unha pequena aldea practicamente illada na montaña. Instaláronse alí a finais de outubro de 1946.

Para María, as cousas non foron ben en Romeor. Naquela afastada aldea que quedaba incomunicada coas primeiras neves non era quen de liberarse da dor que arrastraba pola morte do seu fillo. Por se fose pouco, aos catro ou cinco meses de chegaren, recibiron a pésima nova da morte do seu irmán Emilio. Ademais, Filomena, a nai de María, que agora os acompañaba, presentaba unha saúde moi deteriorada e, o 29 de marzo de 1947, tamén faleceu. Con esta nova morte, o ánimo de María Mariño empeorou considerablemente. A repentina ausencia da nai comíalle o corpo:

*Quen me dera, amigos, que miña nai me dera hoxe
[unha tunda.*

*Hoxe por neve trocada,
hoxe no humor derradeira,
que non oio meu latido,
que a escuridá me zoa,
quero pedir e non podo,
non falo,
chegan a min e non o sei.*

*Ouh, quen me dera que miña nai me dera hoxe
[unha tunda!*

A súa nai fora unha figura fundamental para ela. Inspiráballe tanto respecto, tanta tenrura e tanta emoción como máis adiante plasmaría nos poemas que lle

dedicou. Ela considerábase parte da súa nai, consideraba que a súa alma e mais o seu corpo eran a prologación da nai no tempo, unha metáfora abraiante do sangue e do amor que as unía. A ollada de María quedou xeda e suspendida diante do féretro de Filomena. Á súa nai dedicoulle logo este fermoso poema, evocándoa en distintos lugares de Noia, a súa vila natal:

*Canta morte eu vivín
polo alento ó revés do meu sentir!*

*Erguinme e fun cara arriba, non atopei que decir.
Ceguiña corrín cara abaixo.*

*Atopeiche, miña nai!
Atopeiche!*

*Na escaleiriña de pedra,
no recendo do pinar,
no banco de San Martín, co rosariño na man.
Á dereita, no Convento, atopeiche!
E logo, pasando a Ponte, camiño da Pedra Chan.
Atopeiche, miña nai!
Atopeiche!*

*Volvo de novo en min,
volvo de novo a olvidar!*

*Arrecendo a túa chombra, que onte gardei sin
lavar,
arrecendo a túa mantilla e volvo de novo a olvidar!*

Atopeiche!

*Pousa está a túa manciña na tixeira que eu colguei
como medalla –ouro vello!– na cadea do teu ser.*


*Son ser das túas penas,
de ledicias e amores,
son cadea enfurruxada,
vertida das túas veas.*

*Si ma puderás limpar
e que brillara en contento,
eu berraría de a feito:
De miña nai son cadea,
i ela en min é o tempo!
Señor,
ti que sabes canto hai,
Señor,
si onte i hoxe son de Vós
cal dos tempos é teu pan?*

No afastado lugar de Romeor, María Mariño debeu sentir auténtica claustrofobia. Por unha banda, a morte asediábaa. Amais de vivir a morte do seu fillo e da súa nai, coñecera a morte do seu irmán Emilio. Por outra, apenas había con quen conversar. Tal era a súa situación naquel esquecido lugar de pastoreo na serra máis comunicada de Galicia. Esta vez, o silencio, brutal, puido con ela. O silencio metéuselle dentro da alma e, aliado coa dor inmensa, deitoulle o ánimo.

UNHA FORTE DEPRESIÓN

ROBERTO pousou a ollada sobre a figura da súa muller, que sentara nun tallo á entrada da casa. María non estaba nada ben. Cada día víaa máis deprimida. Tiñan que seguir os consellos de Xosé Baltar. Con tanta convivencia, o médico compostelán acabara converténdose nun bo amigo. Roberto debía facerlle caso e solicitar o traslado para Parada, un lugar menos frío, mellor comunicado e máis próximo a Seoane. As sucesivas mortes familiares e a sensación de claustrofobia minaba a saúde psíquica de María. Ademais, agora collera esa manía de escribir e iso pechábaa máis sobre si mesma. Non a entendía. Non entendía, a verdade, que necesidade tiña de poñerse a garaba-



tear letras sobre un papel. Só empeoraba as cousas. O malestar víaselle tamén no corpo, que cada día estaba máis delgada, do pouco que comía. Non había dúbida, a morte seguida de tres persoas queridas era demasiado

duro de soportar para calquera. De feito, parecía vencida pola sombra devastadora da morte:

*De forte ollar, amiga,
e frío que non se quenta.
Amiga, que eres de todos
e por ninguén esquecida.*

*Soia con teu silencio
na forza do teu poder,
un por un de cada ser
levas do fin ó comenzo,
descansar á túa fonte.*

Desde o día do enterro da nai no pequeno cemiterio de Esperante, María non volvera levantar cabeza. Fóra un día terrible. Ademais, ¡aqueel cemiterio estaba tan lonxe de Romeor! A vantaxe é que se marchaban para Parada non lles quedaría mal: estaba pertiño de Seoane e María podería acudir as fins de semana a poñerlle flores. Quen lle ía dicir á súa sogra, pobre muller, que sería enterrada nun lugar así. De feito, Filomena morreu angustiada pola posibilidade de recibir sepultura tan lonxe de Noia, o que tamén aflixía a María. ¡Canto lle vai custar recuperarse destes golpes da vida!

*Cantos días enterrada onde en min cabía a fosa!
Agora que xa me erguín, inda a costas levo a lousa.*

PARADA DE MOREDA

A María gustoulle o lugar desde o primeiro momento. Sobre todo, grazas a esa xente tan hospitalaria da Casa do Crego, que fixo a súa integración na aldea moito máis rápida. Parada de Moreda era unha aldeíña máis poboada que Romeor, había xente coa que conversar e, sobre todo, estaba máis perto de Seoane. De feito, poderían baixar á vila a pasar alí as fins de semana. A distancia non era excesiva e facíase ben nunhas horas de camiño a pé.

Había bastantes nenos que fosen á escola, ben máis que en Romeor, e ademais mostraban moito interese, a pesar de que faltasen a miúdo porque tiñan que apañar castañas nos soutos e andar co gando. A casa deles, como era habitual, estaba na mesma edificación da escola, só que esta ocupaba a planta baixa e a vivenda ocupaba a planta superior. A casa era grandeira, feita



de lousa, con tres ventás para cada fronte na planta superior e outras tres na planta inferior. A escola estaba ateigada de pupitres, inicialmente colocados en absoluta desorde. O lugar era agradable e sentíase o rebulir dentro das casas, nas cortes e nos camiños.

Nada máis chegar, xa fixera boas migas con Visita, aquela veciña do fondo. Tanto que el e Roberto acabarían índolle de padriños de voda. E, desde logo, moi boas migas coa señora da Casa do Crego, Manuela Neira Vello, coñecida como Manolita, e mais a súa filla Elisa Novo Neira, ás que chegaran recomendados pola amizade de Xosé Baltar, o médico. Seica a boa da muller non era oriúnda de alí senón de Pacios do Señor. Víase que viña dunha familia con recursos porque procedía da propia casa señorial. A muller era encantadora, alegre e expresiva coma ela soa. E falaba moito do fillo, Uxío Novoneyra, que axiña viría visitala. María Mariño trabou con ela moitísima amizade e moitas tardes acudía a facerlle compañía.

María sentiu a vida. Ademais, había nenos naquela aldea, brincando polas corredoiras, que era unha alegría oílos. Mesmo a natureza lle parecía moito máis afectiva que en Romeor, máis intensa, hospitalaria e avivecedora. As noites de Parada, con aquel silencio punzante atravesándoas, tampouco escapaban da sensación de intensidade, co seu poder envolvente, enfeitizante, case máxico.

*Ládranlle á noite os cas i ela de ben cega o ucedo.
Tiñe os aires a noite. Nela síntese medo.
A noite téndese ó sono que a aurora espera cedo.*

NA ESCOLA

UNHA das cousas que máis lle praciá a María era baixar á escola a botarlle unha man ao seu home nas clases. Ademais, a el víñalle ben, pois por veces tiña serios problemas coa súa xordeira. Imaxinando a María Mariño naquel contexto, son cada vez máis capaz de adiviñar o carácter desta muller forte, valente e audaz, cunha enorme curiosidade pola vida e as circunstancias que a determinan. E imaxínoa extremadamente sensible, emotiva, decidida, aínda que se cadra tamén dona dalgúns prexuízos comprensibles naquela época histórica tan difícil que lle tocou vivir: o franquismo de posguerra.

Entre os pupitres da escola, cando baixaba a axudar ao seu home (que era algo que facía con moita frecuencia) imaxínoa pululando con entusiasmo, intentando descubrir en cada momento o pensamento de todos e cada un dos nenos da clase. E imaxino, sobre todo, os seus ollos chispeantes cando lles falaba do significado da palabra, dunha e de todas



as palabras, do seu significado e da súa revelación, de como a palabra, cando un a descobre e a domina, ten forza abonda para tender mans, para rachar montañas, para abrir camiños, para cruzar ríos, para provocar tormentas, para atopar a luz e para navegar mares. Así llo explicaba aos alumnos da escola de Parada do Courel porque ela tiña esa fortísima convicción, porque ela estaba a descubrir que iso era unha verdade irrefutable. E non quería patrimonializar unha verdade tan revolucionaria.

Tamén son quen de imaxinar como, de cando en vez, mentres ela lles falaba aos rapaces (que a seguían engaiolados), de cando en vez, dicía, supoño que aparecería tras os cristais da ventá, desde o camiño, o rostro sorrinte de Uxío Novoneyra, que sempre que viña pasar uns días a Parada aproveitaba para charlar animadamente con eles. Entón, cando descubría o seu rostro detrás dos cristais da xanela, María despedíase dos rapaces, que quedaban na compañía do seu home, e saía ao camiño, para saudar a Uxío e latriquear un pouco con el sobre tantas e tantas cousas das que adoitaban conversar.

AS FINS DE SEMANA

CANDO chegaba a fin de semana, María e Roberto adoitaban baixar a Seoane do Courel. Había que baixar camiñando, pero polos atallos das fragas chegábase logo. Até a súa morte, a mediados dos cincuenta, esperábaos alí Xosé Baltar, o médico, con quen xa fixeran moita amizade. El era do Barbanza pero levaba xa moitos anos traballando no Courel a causa dunha afección cardíaca pola que lle recomendaran vivir nunha zona de montaña. Alí onde tivese que ir, aínda que fose en pleno inverno e polo medio da neve a altas horas da noite, el collía o seu burro e non deixaba nunca de acudir para poñer a ciencia, o seus



coñecementos e a súa boa vontade ao servizo da saúde de calquera que o chamase. Pero ademais de Xosé, en Seoane, as fins de semana dábanse cita os mestres das escolas de todas as parroquias, que se atopaban na vila, de xeito que había moita animación. Ademais, tamén había outras persoas dispostas a pasear e a participar nas tertulias, como o cura, o farmacéutico e Manuel Rodríguez López, propietario dunha tendiña da vila. Daquela, Seoane tiña arredor de douscenos cincuenta habitantes.

Con Manuel Rodríguez López e mais a súa muller Josefa Méndez Castro, María Mariño e Roberto tiñan unha relación moi especial. Moitas veces xantaban na súa casa e ás veces pasaban longas tardes de conversa xuntos. Manuel Rodríguez estivera preso porque fora represaliado durante a Guerra Civil, cando era moi novo, e levaba ao lombo a dura experiencia de corenta e catro meses de encarceramento, pasando polos campos de concentración de Lugo, Mondoñedo, a illa de San Simón, Camposancos e, finalmente, Villanubla, en Valladolid. Xa que logo, compartía con Roberto e con María os sufrimentos e as consecuencias do golpe militar franquista e a conseguinte represión política. Aínda que durante pouco tempo, Roberto estivera na fronte, onde quedara xordo a consecuencia dun bombardeo.

As fins de semana en Seoane, María e Roberto aloxábanse na pensión Casa Crego, hospedaxe que pertencía a uns curmáns de Uxío Novoneyra. Coa xente da hospedaxe mantiñan tamén unha magnífica amizade. Os domingos pola mañá acudían puntualmente á misa, que era o acto social máis concorrido da

zona naquela época e á saída a xente quedaba a latri-car e conversar no adro. María e Roberto tampouco faltaban ás feiras, que tiñan lugar en Seoane o segundo e cuarto domingo de cada mes. Habitualmente ían degustar o polbo, que na serra se cocía seco, xa que precisaban secalo para poder conservalo. Preparábase nunha das tendas de Seoane e ofrecíao tamén un car-pinteiro do lugar.

Algunha que outra vez marchaban a Lugo, á Coruña ou a outros lugares, pero naquela época saír do Courel levaba moito tempo. Para ir a Lugo, había que coller o autobús de liña, pasando por Quiroga até a estación do ferrocarril de San Clodio de Ribas de Sil e logo esperar alí o Correo Expreso, un tren que ía até a cidade. Saíase de Seoane do Courel ás nove da mañá e chegábase a Lugo case ás seis da tarde.



A ESCRITA

A amizade con Uxío Novoneyra resultara definitiva para que María reafirmase a súa vocación pola escrita. O encontro parecía providencial. Ante tantas reticencias como mostraba Roberto polo feito de que ela dedicase unha boa parte do seu tempo a escribir, a relación con Uxío e a atención e o ánimo de que el facía gala polas cousas que María escribía fixeran que, en boa medida, Roberto reconsiderase a súa actitude. Ela precisaba escribir porque sentía que a súa conciencia era pura palabra e, ao longo da súa vida, decatárase de que ela, sen a palabra, non era. Sentíase posible, sentíase viva grazas ao don da palabra e non podía deixar de exercitala como non podía deixar de escribir. María quería pensar, era un ser pensante, e requiría a reflexión. A palabra era tamén reflexión e rexeitaba a posibilidade de que a súa mente fose plana, como a de moitas pobres xentes que coñecía. Ela precisaba ir máis alá. Máis alá da palabra e máis alá do tempo. A súa voz tiña que ser palabra no tempo e cada un dos seus pensamentos concibíao como unha verba que comeza. Ela, o tempo e a palabra. Eses eran os eixos inevitables da súa natureza como persoa, como ser pensante. E negalo era como negarse a si mesma. Ela atopábase, como persoa, fronte ao papel en branco, disposto a ser escrito:

*Aquí che deixo, meu peito canso, aquí
che deixo,
aquí che deixo neste branco papel trillado, neste
percurso das horas.
¿Quen eres –preguntaranche–, quen eres?
Son a néboa que anda soia, son o sol
que quenta as queixas, dos camiños
son o farto,
son o sono que rixe
mundo que verte tempo,
son o berro caladiño entre arranque-brío de sono
[morto.*

*Das cousas que non se atopan
tamén son,
das ondas que soio van, van e van,
delas son,
de cando veñen e veín vindo
delas son. Son o ledo daquel sono –terra de sin
[pisadas,*

*soio remaxe das cousas–.
Papel branco,
trillado,
papel,
berra,
berra entre os fortes
desde onde as miñas verbas che magoan.*


O feito de ver publicado o libro de Uxío Novoneyra, *Os eidos*, naquela edición tan fermosa con que el mesmo a gasallara, dedicada, metéralle no corpo

a ilusión de que se cadra non era imposible que ela tamén vise publicado un libro seu algún día. Nunca cifrara nese feito as súas esperanzas e sabía por experiencia que era difícil que alguén tomase en serio o que escribía unha muller, pero Uxío insistíalle unha e outra vez en que continuase, que era posible e, sobre todo, insistía en que seguise escribindo en galego, pois, teimaba Uxío, en ningunha outra lingua podían os galegos expresar mellor os seus sentimentos e a súa creatividade. Tamén o poeta Manuel María, que estivera pasando aquela longa temporada en 1954 na casa de Uxío en Parada, concordaba con el no tema da lingua. Posiblemente tiñan razón así que, por fin, se decidira a escribir en galego a pesar das moitas cousas que xa escribira anteriormente en castelán. Desde aquela, Manuel María volvera algunhas veces e sempre acudía a visitala e a charlar un anaco.

O caso é que ela non deixara de escribir nin un só día, e xornada a xornada intercambiaba con Uxío a lectura de cada poema, de cada verso, de cada palabra, porque se dera conta de que con el resultaba extremadamente fermoso falar de poesía, buscar o ritmo dos versos, pesar as palabras, matizar os significados, preguntarlle unha opinión e mesmo discrepar, que tamén discrepaban en bastantes cousas. Con todo, a Uxío gustáballe moito a súa poesía, notábase ben, e iso para ela era unha honra que a estimulaba decididamente. Fora el, de feito, agora que ela tiña *Palabra no tempo* practicamente rematado, quen lle falara da posibilidade de publicalo, de enviarllo a ese tal Luís Seoane para que o publicase nunha colección chamada Citania.

María, a verdade, non daba creto a esas posibilidades das que Uxío lle falaba. Cría, e profundamente, no que escribía, pero os demais non, excepto Uxío. Ademais, era unha muller e ás mulleres case ninguén lles aceptaba que escribisen. E moito menos que publicasen. Non estaba ben visto.

Tamén fora Uxío quen lle falara da posibilidade de que don Ramón Otero Pedrayo lle fixese o prólogo. A ela producíalle un calafrío só de pensalo. Non podía imaxinarse que alguén como o señor de Trasalba perdesese nin sequera un minuto en ler os seus poemas. Pero Uxío dicía que lle ía escribir unha carta e que confiase nel. A ver que pasaba.



VIAXE A MADRID

O tren atravesaba a chaira mentres María Mariño contemplaba a pálida ollada dos campos de Castela desde a xanela. Dirixíanse a Madrid, a pasar uns días á casa da súa irmá Asunción, que vivía nesa cidade. Ela fóra varias veces, algunhas soa e outras co seu home. Agora viaxaban en terceira porque, aínda que xa estaban no ano 1959, desde o Alzamento Nacional resultaba terriblemente difícil e custoso viaxar en tren. Os vagóns de terceira clase ían ateigados e a xente deitábase nos corredores. Ás veces ían tan cheos que os pasaxeiros entraban e saían polas xanelas. Durante un tempo albergou a esperanza de que ninguén máis entrase no seu vagón, pero axiña se decatou de que era imposible que aquel desexo egoísta se cumprise. Nun abrir e pechar de ollos estaba a rebordar. Á súa beira sentaba Roberto e en fronte súa un matrimonio cun neno, ao que lle fixeron unha improvisada cama no chan. Ela miraba para a nai do neno, temendo que lle dese conversa. Por moito que os homes se empeñasen en repetir que as mulleres eran unhas charlatanas, nela esa regra non se cumpría. María quería silencio e o seu maior pracer era o de estar soa. Desde logo, non ía gozar daquela viaxe en tren, que era para ela unha insoportable e interminable tortura. Pero quería vivila en silencio. No silencio que ela sempre precisaba.

DO COUREL A TRASALBA

O Caurel, 3 de abril de 1960
 D. Ramón Otero Pedrayo
 Trasalba

AMIGO Don Ramón:

Chegaron as súas verbas cando o Caurel entraba por derradeira vez no himno valente da inverniá. Por veces lendo o seu prólogo a *Palabra no tempo* non sabía se era o vento do souto ou as súas verbas, que tiñan o mesmo son podente, as que me levaban a presenza do «último» que en nós hai e que se revela contadas veces.

As súas verbas «chegáronlle» de tal xeito a María Mariño que eu vin como na súa emoción incontida pulaba ese neno eterno das almas que non gasta o mundo. E é que o prólogo é certamente delicado, parándose somentes no máis fondo que no libro vai.

Unha forte aperta do seu sempre amigo,



Uxío Novoneyra

A CARTA

Caurel, 3 de abril de 1960
D. Ramón Otero Pedrayo
Trasalba

DISTINGUIDO señor:

Onte, a pesar das frías néboas da teimosa invernia, sentía algo que me alumeaba. Presentía a súa voz que era chegada aos tesos cumes e que logo me alentou.

Quédolle tan agradecida! Faríame gran ilusión que me remesase, xunto co libro e a copia dactilográfica do prólogo, o orixinal autografado para conservalo sempre.

Saúdo afectuoso,

A handwritten signature in cursive script, reading "María Mariño". The signature is written in dark ink and is underlined with a single horizontal line.

María Mariño

VISITANTES EN PARADA

OUTUBRO de 1962. Na casa de Uxío Novoneyra en Parada do Courel hai convidados. Un deles é Ánxel Fole. Os outros son tres matrimonios chegados de fóra, e os seus veciños María Mariño e Roberto Pose. Algúns veñen de Santiago de Compostela, como Ramón Piñeiro e a súa muller ou Victoria Armesto e Augusto Assía. Tamén están Saleta e Manuel María. Todos falan animadamente e déixanse atrapar polo delicioso sabor da sopa do cocido. No comedor hai unha penumbra verdosa. Pola ventá vense os montes e bosques envoltos na bruma gris da chuvia. De cando en vez, un fío de raios dourados traspasa as gasas da poalla. O xantar prolóngase porque os comensais van dando conta amodo do cocido, dos polos da casa e dos exquisitos pasteis con mel. Ao cabo de tres horas, na sobremesa, solicítanlle a Novoneyra que recite un poema. Lenta e pausadamente, coa súa voz rouca e cantareira recita:

*Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairs dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...*

Rastrex

párase e venta

*finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca.*

Logo o auditorio reclámalle a María Mariño que declame un poema seu. Tamén ela, que estivera moi sorrinte e faladeira durante o xantar, adquire un ton grave á hora de recitar:

*Oio algo alá mui lonxe e nada del sei decir,
e sin esperar espero para ver si o vexo vir.*

*Penso si polo arrodeo ou si non sabe o camín
e sin esperar espero para ver o lonxe en min.*



A PAISAXE

As carballeiras, os soutos, os camiños, as repesas, os torrentes, os cavorcos, as campas. Toda a natureza do Courel entraba no corpo de María Mariño para posuílo. Ela sentía a paisaxe, lévabaa dentro de si. Era unha paisaxe de silencio. A ela praciálle precisamente porque sentía o silencio. E paseaba polas carballeiras e os soutos, percorrendo os camiños, os prados e os torrentes. O silencio estaba nela porque, en certa medida, se sentía unha prolongación da paisaxe. Comungaba con ela. Sincretizábase nela. O silencio estaba na paisaxe e, daquela, estaba na poesía e, sobre todo, estaba no acto creativo. Estaba no feito compacto, silencioso e solitario do acto creativo. De escribir. Imaxínade o silencio. Imaxínádeo alí, no Courel, nunha época en que naquel lugar aínda non había coches, nin televisores, nin estradas, nin nada que alterase aquel silencio brutal da natureza. Claro, hoxe resúltanos difícil concibilo porque vivimos inmersos na cultura do ruído. É a nosa, unha cultura con banda sonora por definición, e por veces moi estridente. Hoxe non somos quen de imaxinar un mundo sen ruído. O ruído está tan metido en nós que o silencio nos produce desconcerto, medo. Pois agora volvede ao Courel, a principios dos anos 60. Non é doado de imaxinar, nin para min; eu nin sequera nacera. A paisaxe era o abso-

luto. O silencio érao todo. E, ademais, María Mariño fixérao seu. Apropriárase del e sentíao como seu. Paisaxe, silencio, poesía: para ela eran practicamente distintas formas de expresar un mesmo concepto.

*No silencio está o mundo que o peito sinte del.
As cousas todas calan,
escuitando del o certo mudo que a nós nos vén.*

*O silencio das cousas, hoxe,
aboia, aboia en min.
Remos navegan terra ó lonxe,
volvendo as augas cara min.*



PALABRA NO TEMPO

CANDO María Mariño tivo nas súas mans o primeiro exemplar impreso de *Palabra no tempo*, a emoción que sentiu foi enorme. E, con seguridade, irrepetible. Calquera escritor sabe que o segundo libro xa non sería igual. Con todo, a vida non lle daría a oportunidade de ver o seu segundo libro publicado. *Verba que comenza* non se publicou até 1992 e *Más allá del tiempo* non viu a luz até 2007, os dous moitos anos despois de morta a súa autora. Pero aquela emoción de percibir entre as súas mans o papel impreso coas palabras que ela escribira si que a puidera sentir, e ben forte. Finalmente, e grazas ás xestións de Novoneyra, publicárao Francisco Esteban González na Editorial Celta de Lugo, inaugurando unha colección que non pasou dese número un. Era o ano 1963.

Alí, atrapada entre o papel das súas páxinas, quedaba constancia do seu profundo amor pola súa nai, a evocación da súa infancia, da súa vila natal, a paisaxe do Courel, a natureza, as súas preocupacións sobre a vida e a existencia, os seus medos e esperanzas e mesmo tamén a súa relación coa escrita, o seu xeito de concibila. Estaba claro que ela, como dicía Novoneyra, podía ser «quizaves a poeta que menos libros leu» pero a súa aposta literaria era de rebelión, de busca, de indagación, de pensamento, de ruptura, de tensión,

de valoración da palabra. Novoneyra diría tamén que María Mariño era «dinamiteira da fala»; sen dúbida, ela propuxérase retorcerlle o pescozo á lingua, forzala para sacarlle todo o seu partido, para romper as súas fronteiras, para fuxir dela, para ser libre. Libre. Si, se cadra iso era o que pretendera escribindo *Palabra no tempo*: ser libre. ¿Conseguírao? Non o sabía. Sabía que a paisaxe se lle metera dentro do corpo. Sabía que a voz antiga da súa nai lle agromaba aquí e alá. Sabía que o seu respecto pola palabra era case relixioso, como lle dixera don Ramón Otero Pedrayo no prólogo que tan xenerosamente escribira. Sabía que o libro estaba cheo de «terra, de paisaxe, de natureza», como lle dixera Ánxel Fole. Pero non sabía se conseguira ser libre. Para asegurarse, só lle quedaba seguir escribindo. Non había outro camiño.



Manuel María,
María Mariño e
Uxío Novoneyra

VISITA A FOLE

ESTABAN próximas as Festas de San Froilán cando alguén chamou á porta do domicilio lugués de Ánxel Fole.

—¿Non se lembra vostede de min? —inquiriulle o individuo que chamara á porta.

—Lémbroo perfectamente —respondeulle Fole a aquel rostro con bigote e gafas que vestía unha gabardina—. Vostede —continuou Fole— estaba exactamente hai tres anos na casa de Novoneyra en Parada, xunto coa súa muller, María Mariño, nunha magnífica velada posterior a un xantar no que degustamos un saborosísimo caldo.

—Pois ela está abaixo, esperando por vostede, e gustaríalle que comésemos xuntos hoxe en Lugo.

Naquel tépede mediodía de outono de 1965, os tres pasearon xuntos polas rúas empedradas de Lugo, tomaron o aperitivo e logo dirixíronse a xantar. Pero finalmente, Ánxel Fole, Roberto Pose e María Mariño non só xantaron xuntos senón que prolongaron a súa animada



e entusiasta conversa ao longo de toda a tarde para acabar, novamente, ceando xuntos e incluso almorzando xuntos ao día seguinte. Foron máis de oito longas horas de animada charla. Para Ánxel Fole aquela fora unha grata visita. Tiveran moito tempo para falar de literatura e do Courel, da súa grandiosa soidade. Sen dúbida, uníaos a ambos os dous a inspiración telúrica. El pedíralle a María que lle falase da súa poesía, do novo libro que estaba a piques de rematar. Cando ela o fixo, a Fole pareceulle que se refería a el con finura e con fondura. O novo libro levaría o título de *Más allá del tiempo* e estábao escribindo en castelán, retomando algúns textos escritos antes de *Palabra no tempo*. A María Mariño gustaríalle que fose o propio Ánxel Fole quen o prologase, e así llo solicitou. Acordaron que, para tal efecto, llo enviaría por correo en canto o tivese rematado. Sobre aquel libro, mantiña algunhas diferenzas con Novoneyra.

Logo daquela intensa xornada de convivencia chea de afectos, María e Roberto regresaron á soidade de Parada e Ánxel Fole quedou en Lugo. Quedaron de volver a verse no Courel un día de primavera, cando aínda escintilase a neve nos cumes.

UN NOVO POEMARIO

CANDO María Mariño lle enviou a Fole o seu libro *Más allá del tiempo*, tal e como quedara con el, para que lle escribise o prólogo, era un libro xa rematado. Escribiulle a carta o 17 de decembro de 1965 e aquel día ela non se sentía moi ben porque tiña febre alta. Xa ía moito frío nos tesos cumes do Courel. Na carta, desculpábase polas faltas de ortografía, pois María Mariño, exceptuando uns escasos anos de escola, nunca tivera a oportunidade de estudar. A súa capacidade para escribir era profundamente intuitiva, o que aínda ten moito máis mérito para ela. Moitos dos textos do libro foran escritos anos antes de *Palabra no tempo*. Outros eran novos e elaborounos despois da publicación daquel libro. A Fole debeu parecerlle un libro moi singular. En primeiro lugar, porque *Más allá del tiempo* mestura habilmente a poesía e a prosa. E, ademais, porque dentro do propio libro hai tons moi diferentes, o que seguramente obedece ao feito de que ela o escribiu en diferentes épocas.

Más allá del tiempo ábrese con textos en prosa, aínda que polo medio se mesturan coherentemente os poemas. Por veces son relatos confesionais, nos que sempre encerra a súa imaxinación de escritora. Hai unha parte onde nos conta algúns dos seus soños: son textos oníricos, enigmáticos, sorprendentes. Cando

María Mariño releu dun tirón o seu libro por fin rematado debeulle quedar certa sensación de tristura: moitos dos protagonistas son nenos e adolescentes e hai un certo aire melancólico que preña os textos. En *Más allá del tiempo* está a personalidade de María Mariño: aparece reiteradamente Noia, a súa nai e a natureza do Courel (na parte final a través dun calendario por meses). Un dos apartados máis sorprendentes do libro é o de «Oracións». Son poemas relixiosos. «María Mariño Carou é a primeira poeta mística de Galicia, unha mística actual, sen dogma», dixera Novoneyra. En «Oracións» mestúranse a mística e a relixión. De feito, hai poemas dedicados a «El señor» e outros onde se invoca a Teresa de Jesús.

Observando o orixinal mecanografado, María suspirou: *Más allá del tiempo* era outro anaco de si mesma. Foi o único libro que escribiu en castelán, xunto cun relato aínda inédito sobre a súa experiencia na Guerra Civil titulado *Los años pobres –Memoria de guerra e postguerra–*.



VERÁNS NA CORUÑA

PRACTICAMENTE todos os veráns María e Roberto marchaban a pasar as súas vacacións á Coruña. A pesar da súa identificación coa natureza, María Mariño vencellaba a civilización coa cidade e o atraso co mundo rural. A Coruña era unha cidade que a engaiolaba. Tamén facían alí escapadas ás veces no inverno ou noutras épocas do ano. Nesa cidade era onde residía a familia de Roberto e María Mariño atopábase nela moi a gusto. Sen dúbida, preferiría vivir na Coruña que no Courel. A súa irmá Concha, cada vez que a vía e nas cartas que lle enviaba, aconselláballe tamén que fosen vivir para a Coruña. María suxeríralle varias veces a Roberto esa posibilidade. Mesmo chegaran a ter algúns enfados por ese motivo. Pero non había maneira. Roberto non quería. Prefería a súa praza de mestre en Parada, onde se sentía moi cómodo. Ela, así e todo, sentía o mar cada vez máis perto no seu peito. Ben se notaba na súa poesía, que nunca se es-quecera del. O mar, que era unha vivencia absoluta. O mar, que a ligaba á súa infancia, ao lugar onde nacera, ao lugar onde medrara, ao lugar polo que paseaba, ao lugar onde casara. Era o seu mar. E cada verán tiña diante de si aquel espléndido mar da Marola que lle facía chispear os ollos. O mar, Roberto, é o mar; onda el déixame regresar.

*Crucei o mar da Marola e faloume no seu són,
faloume aberto en voz sonora
e ritmo forte.*

*As gueivotas non paraban, revoloteaban
[mariñeiras.*

*Picaban as augas do sal
vermello e argazo en rolo.*

*Estaba soia, soia comigo e ca proa
dun barco pesqueiro que nela zoaba
mentras decía en comestas verbas:*


*«Fun, son e serei castigo dunha onda
arrolada na pena que chamou Marola».
Ninguén lle oieou, mais un vento furón soupo de si
i enredándose en min quebrou seu nome.*

*Escurécese o mar, a Marola sinte frío,
envólense as ondas na nebra,
érguese peito-fala:*

*Cando de soia me erguín crucei o mar
da Marola. Eran as ondas enteiras, duras e longas,
era a súa espuma loita. Non tiña medo do vento.
Mar sin marea que trocara súa ronda.*

A LEUCEMIA

CANDO Roberto Pose lle dixo a Uxío Novoneyra que María tiña leucemia e estaba condenada a morte, ao autor de *Os eidos* treméronlle todos os músculos do seu corpo grandón. Non tiña moito que preguntar porque nos ollos de Roberto se podía apreciar o irreversible do proceso e o anuncio da arribada da morte. Así que se pechou na casa e, devorado pola dor, diante dun folio en branco púxose a escribir unha «Elexía previa a María Mariño». Estoute vendo aínda e escriboche esta elexía, pensou Uxío, matinando que se María morría quedaría sen nome a cor escura, a chamada xorda, o morcego e a silveira. Logo riscou sobre o papel coa súa letra magnífica: «a fala galega xa non se moverá en cen anos: as palabras seguirán ehí». ¿Como sería quen de conxugar esa terrible traxedia co feito de vela sorrir dentro dun intre?



Efectivamente, María sorría. Intuíu a morte en cada espasmo da súa dor, en cada currunchido do seu corpo, pero sorría. Non era preciso que ninguén lle dixese

nada. Non eran precisas as verdades porque as tiña dentro do corpo. E, malia todo, esforzábase en sorrir. E sorría. Pero botaba de menos o mar. Cada vez precisábao máis; gustaríalle marchar definitivamente para A Coruña pero Roberto negábase. Sentía as ondas dentro do seu corpo e o salitre aliviáballe a dor.

A partir de marzo de 1966, María comezou a intuír de xeito abouxiante a presenza inminente da morte, así que, como se quixese atrapar o tempo, ese tempo que figuraba sempre nos títulos dos seus libros (*Palabra no tempo*, *Más allá del tiempo*), púxose a escribir enfebreidamente. Saíalle a palabra nova que levaba dentro, a verba que comeza, que lle fluía coma unha fervenza. Daquela, a súa saúde estaba xa moi deteriorada. En certa medida, agora que podía intuír a morte detrás de cada souto, entre as carballeiras, agachada nos camiños, tamén se explicaba as estrañas dores que a perseguían durante tantos anos. Mesmo chegou a pensar se aquel profundo malestar físico (aínda que tamén, e moito, psicolóxico) que sentira en Romeor na época en que morrera a súa nai Filomena non estaría tamén relacionado con esta morte previsible que agora viña a plantarlle cara. Pero non só vía a súa morte nos signos do seu corpo: estaba tamén nas olladas dos demais, na de Uxío, na de Roberto, nas palabras animosas dunha das súas grandes amigas, Carmen Baltar Pazos, filla do falecido médico Xosé Baltar, a quen lle dedicou unha parte de *Más allá del tiempo*. E para combater a morte só tiña unha única arma: a poesía, o único que aínda a facía sentirse viva.

VERBA QUE COMENZA

O presentimento dunha morte inminente enfrontou a María Mariño cara a cara coas cuestións que sempre lle preocuparan: o sentido da vida, o paso do tempo, a proxección do seu ser na natureza, a morte e a angustia que unha certeza de tal magnitude produce.

En toda a súa obra, pero moi especialmente en *Verba que comenza*, María Mariño buscou unha explicación para a vida, para a existencia, e procurou unha resposta para as preguntas ontolóxicas que as persoas se formulan ás veces, facéndoo tamén a través da natureza, que era o máis inmediato e omnipresente, o máis abraiante que a rodeaba. O resultado é *Verba que comenza*, o seu mellor libro, o máis libre, o máis profundo, que destila vida, filosofía, humanidade, pensamento; por iso a poesía deste libro non é doada. A súa lectura resúltanos complexa, por veces escura, dificilmente penetrable, pero ela tiña exacta conciencia do valor da palabra, que reivindica e que



aparece no título deste libro (*verba*), igual que tamén apareceu no título de *Palabra no tempo*. E ao tempo invadíaa unha enorme nostalxia do mar.

A escrita de *Verba que comenza* foi para María Mariño unha experiencia radical, por iso o seu resultado é un libro radical, que aborda con fondura os temas que lle preocupaban, que tamén son os temas do pensamento e da existencia. ¿Como acometeríades vós a escrita dun libro se soubédeses que vos espera a morte? Precisamente por ese careo que mantivo coa vida e a morte, a súa obra, como dixo Ana Romani, é escura e sorprendente. Iso intuínno moi ben Uxío Novoneyra, que viu nela unha poeta «revolucionaria», aínda que ela non o pretendese. O único que María Mariño buscaba era a verdade. A verdade de quen se enfronta a un destino ineludible.

A MORTE

A María chegoulle a morte un mes despois de escribir o derradeiro poema de *Verba que comenza*. O feito de sentir que remataba o libro fora para ela un alivio enorme, coma se cumprise coa única misión que lle quedaba pendente. María Mariño Carou faleceu un pouco pasada a medianoite en que entraba o 19 de maio de 1967, cando lle faltaba menos dun mes para cumprir 60 anos. O seu enterro tivo



lugar en Seoane do Courel, onde aínda hoxe permanece a súa tumba. O seu corpo foi trasladado a pé, nun cadaleito, desde Parada até Seoane, cubrindo os cinco quilómetros que separan as dúas localidades por camiños e atallos. Ao seu enterro acudiron o seu home e os veciños de Parada, ademais dalgunhas xentes de Moreda e de Seoane. Aquel día gris de primavera todo O Courel era un cadaleito, unha rocha de bruma onde resucitan os mortos, unha fosa de altura. A morte de María Mariño deixou unha invisible sombra de tristura. Pero cando do sol caeu a xeada, alá quedou o seu nome, máis alá do tempo: María Mariño.

No mesmo día da súa morte, o xornal lugués *El Progreso*, nunha noticia moi breve, titulaba: «Falleció en el Caurel la poetisa María Mariño». Era unha verdade inexorable. En cada paisaxe do Courel, os ecos da súa voz, imperecedoira, resoaban precipitándose polos cumes:

*Sin saber pra onde ir nin a donde agarrarme,
de todo núa, cando dela de a feito non sabía
agarreime ó vestido da fe.
Hoxe, co vestido vello xa,
voume,
voume indo.
Do camiño non me di.
As galas daquel bon día de terra volven de novo
[a min
certas, verdadeiras:
e diante con elas camiño a paso limpo.*

CRONOLOGÍA



1907: María Mariño Carou nace nunha casa da Rúa Cega de Noia o día 8 de xuño. Os seus pais eran Xosé Mariño Pais, de profesión zapateiro, e Filomena Carou Lado, que traballaba como costureira. María foi a cuarta dos cinco fillos do matrimonio: María da Concepción (1898), Emilio (1901), Cándido (1902), María (1907) e Asunción (1908). Foi bautizada ao día seguinte na igrexa parroquial de San Martiño.

1919: Concha, a irmá maior de María Mariño, casa cun mariñeiro vasco ao que coñecera no Pazo das Torres Goiáns (Boiro), onde a súa tía Consuelo traballaba como cociñeira. Juan Barrenechea Villabeitia era natural de Sopelana (Biscaia). Casaron en Noia e alí tiveron unha filla, Mercedes.

1920: Concha emigra ao País Vasco coa súa familia.

1927: Cando María Mariño ten vinte anos a familia trasládase a Escarabote (Boiro), onde o pai abre unha zapatería, en espera de mellor sorte. O traslado a ese lugar debeuse a que a súa tía Consuelo Carou herdou, xunto co seu home, o pazo de Torres Goiáns, en Boiro, ao morreren os propietarios sen descendencia. No pazo

hai unha boa biblioteca que María Mariño frecuenta.

w1936: María Mariño trasládase a Berango, en Eusca-di, á casa da súa irmá Concha, onde vive o alzamento militar. Cándido, un dos seus irmáns, morre en combate, probablemente este ano.

1937: María Mariño vive o cerco de Bilbao e experimenta catro meses tráxicos. A experiencia da Guerra Civil inspíralle, anos despois, un libro memorialístico en castelán titulado *Los años pobres –Memoria de guerra y posguerra–*, que aínda permanece inédito.

1938: Cando xa se pode viaxar, María Mariño regresa a Escarabote.

1939: O 31 de maio casa en Escarabote con Roberto Pose Carballido, mestre compostelán destinado no lugar. María Mariño ten trinta e dous anos, aínda que ela falsea os datos do seu nacemento como reacción ante os prexuízos sexistas, dado que Roberto ten vinte e catro, oito anos menos ca ela.

1945: María Mariño trasládase co seu home a Elantxobe (Biscaia, País Vasco). Queda embarazada.

1946: Regresan a Galicia e instálanse en Lousame, nas minas de San Finx. No mes de xullo dá a luz un neno, Roberto Xosé, que falece en setembro. En outubro teñen novo destino: Romeor do Courel, a onde viaxan acompañados de Filomena, a nai de María.

1947: Morre Emilio, irmán de María Mariño. Inmediatamente despois, en Romeor do Courel falece a súa nai, que é enterrada en Esperante. O 30 de setembro de 1947 trasládase a Parada de Moreda, tamén no Courel, onde residirá até a súa morte.

1948: María e Roberto intiman coa familia de Novoneyra, a Casa do Crego, que vive perto da casa-escola. Posiblemente coñeceron daquela a Uxío, aínda que a relación de amizade co poeta non comeza até 1953.

1953: A partir deste ano iníciase a relación de amizade persoal de María Mariño con Uxío Novoneyra, cando este regresa a Parada para permanecer alí até 1962. María Mariño méntelle a Uxío Novoneyra con respecto á súa idade: indícalle que naceu o 25 de xullo de 1918, quitándose once anos. Orixínase unha confusión que perdura até os nosos días.

1954: Manuel María coñece a María Mariño durante unha longa estada na casa de Novoneyra en Parada.

1955: Publícase *Os eidos* de Uxío Novoneyra.

1957: Segundo Novoneyra, María Mariño comeza a escribir este ano, primeiro en castelán e logo en galego. En todo caso, ningunha circunstancia nega a posibilidade de que escribise antes desta data.

1958: María Mariño comeza o proceso de escrita de *Palabra no tempo*.

1960: Uxío Novoneyra envíalle catro cartas a Ramón Otero Pedrayo falándolle de María Mariño e solici-tándolle un prólogo para *Palabra no tempo*. Logo, a propia María Mariño escíbelle unha carta a Otero pregándolle que lle envíe o texto manuscrito do prólo-go, co fin de conservalo.

1961: Raimundo García Borobó publica o día 16 de maio en *La Noche* o artigo: «María Mariño, invención de Novoneyra».

1962: Uxío Novoneyra recibe a visita na súa casa dun grupo de galeguistas, entre os que está Victoria Armes-to, que dez anos despois describirá a María Mariño nun artigo de *La Voz de Galicia* titulado «Maruja», apocorístico de María Mariño. Este ano, Fole tamén fala dela en diversos artigos de *El Progreso*.

1963: Edítase *Palabra no tempo* na editorial Celta de Lugo, número 1 da colección Tesos Cumes con prólo-go de Otero Pedrayo. Será o único libro que publique en vida. Ilustrado por Raimundo Patiño.

1964: Arcadio López Casanova publica o artigo «A pa-labra acendida de María Mariño» no *Grial* nº 3.

1965: María Mariño remata de escribir *Más allá del tiempo*. Probablemente tamén nesta época ou con ante-rioridade a *Palabra no tempo* escribiu *Los años pobres -Memoria de guerra y posguerra-*. O 4 de outubro

Ánxel Fole refírese a María Mariño no artigo «Grata visita» na *Hoja del Lunes* de Lugo. No encontro que cita conveñen que Fole prologará o novo poemario. O 17 de decembro María Mariño envíalle a Fole unha carta xunto co novo libro, para que escriba o prólogo. X. L. Méndez Ferrín publica dous artigos en *La Noche*: «A poesía de María Mariño, un idioma novo» (2 de marzo) e «A poesía de María Mariño, un camiño novo» (3 de marzo).

1966: A María Mariño diagnósticanlle unha leucemia. Novoneyra regresa ao Courel e Roberto Posse cóntalle que a poeta está desafiuzada. Escribe «Elexía previa a María Mariño», datada en febreiro deste ano no Courel. Daquela, o aspecto da noiesa está moi deteriorado. No mes de marzo comeza a escribir *Verba que comenza*, empuxada polo presentimento da morte.

1967: Remata *Verba que comenza* no mes de marzo. O libro non se publicará até 1992, de forma póstuma. A poeta falece en Parada do Courel o 19 de maio e é enterrada no cemiterio de Seoane. Faltáballe algo menos dun mes para cumprir os sesenta anos.

1970: Victoria Armesto publica o artigo «Maruja» en *La Voz de Galicia*. O 16 de agosto, Miguel González Garcés publica a recensión «A poesía de María Mariño» no mesmo xornal.

1976: A antoloxía *Poesía Gallega de posguerra 1939-*

-1975, de Miguel González Garcés, inclúe a María Mariño.

1982: A Asociación de Escritores en Lingua Galega dedica a Semana das Letras Galegas a María Mariño. Aparecen artigos sobre María Mariño no Especial Letras Galegas de *A Nosa Terra* (nº 189-190).

1983: A revista *Carabela de Xiada*, de Noia, faille unha homenaxe a María Mariño. A Asociación Cultural Catavento organiza un acto de colocación dunha placa na casa onde nacera María Mariño en Noia, placa que se ve obrigada a retirar por mandato xudicial.

1984: Acto de desagravio a María Mariño en Noia organizado pola Asociación Cultural Catavento. Publícase a *Antoloxía de la poesía gallega contemporánea*, de César Antonio Molina, que inclúe a María Mariño.

1990: O Concello de Noia publica *Verba que comenza*, da man de Avilés de Taramancos e Uxío Novoneyra, en edición de Carmen Blanco.

1994: Edítase en Xerais a *Obra completa* de María Mariño a cargo de Victoria Sanjurjo.

ÍNDICE

Nota a esta edición.....	3
Limiar	5
O día que naceu María Mariño	7
A infancia	10
A irmá Concha	15
De moza	17
O traslado para Escarabote	20
Pola ribeira do río Coroño	24
A emigración	27
A Guerra Civil	29
O regreso a Escarabote	32
A idade	34
A voda	35
Un destino afastado	36
A vertixe dos acantilados	37
O fillo	39
A chegada ao Courel	41
Unha forte depresión	45

Parada de Moreda	47
Na escola	49
As fins de semana	51
A escrita	54
Viaxe a Madrid	58
Do Courel a Trasalba	59
A carta	60
Visitantes en Parada	61
A paisaxe	63
Palabra no tempo	65
Visita a Fole	67
Un novo poemario	69
Veráns na Coruña	71
A leucemia	73
Verba que comenza	75
A morte	77
Cronoloxía	79



Fran Alonso (Vigo, 1963) é autor dunha recoñecida obra literaria, con máis de 30 libros que abranguen a poesía, a narrativa, a literatura infantil e xuvenil, a literatura electrónica, a biografía e o xornalismo. Toda a súa obra literaria se caracteriza por un desexo de renovación formal e un posicionamento rebelde e inconformista, que lle confiren grande solidez e unidade, sexa cual sexa o xénero e o formato empregado. Moitos dos seus libros prolónganse en CDs ou webs.

Escribe por vocación, viaxa por paixón e anda en bicicleta por pracer. Como poeta é autor de títulos como *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), *Tortillas para os obreiros* (1996), *Subversións* (2001) ou *Terraza* (2017), ademais de *Poétic@* (2015), poesía electrónica e crossmedia que explora as posibilidades expresivas das novas tecnoloxías (www.poetica.gal); así como *Estado de Malestar* (@Tw140Poemas) en Twitter. Como poesía infantil e xuvenil publicou *Cidades* (1997), *O meu gato é un poeta* (2011) e *Poemas birollos para ler cos ollos* (2016).

Como narrador é autor de libros como *Tráiler* (1991), *Cemiterio de elefantes* (1994), *Silencio* (1995), *O brillo dos elefantes* (1999), *Cartas de amor* (2006), *Ninguén* (2011), *A punta de pistola* (2012) ou *Contos nerviosos* (2016).

<http://www.franalonso.gal>